



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS
Dirección Xeral de Formación e Colocación

CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS MAIORES DE 52 ANOS BENEFICIARIOS DOS SUBSIDIOS POR DESEMPREGO. LEI 45/2002, DE 12 DE DECEMBRO, DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA (B.O.E. DO 13 DE DECEMBRO)

Bonificados Non bonificados

Indefinido: [] [1][5][0] [] [1][0][0]

Temporais:

Obra ou servizo determinado [] [4][5][0] [] [4][0][1]
Eventual por circust. produc. [] [4][5][0] [] [4][0][2]
Interinidade [] [4][5][0] [] [4][1][0]
Formación [] [4][5][0] [] [4][2][1]
Prácticas [] [4][5][0] [] [4][2][0]
Outros contratos [] [4][5][0] [] [9][9][0]

Selo de rexistro do Servicio Público de Empleo

CIF/NIF

DATOS DA EMPRESA

Form fields for company data: D/Dª, NIF/NIE, En concepto (1), Nome ou Razón Social da Empresa, Enderezo Social, País, Concello, C. Postal

DATOS DA CONTA DE COTIZACION

Form fields for contribution account: Réxime, Cod. prov., Número, Dix. contr., Actividade Económica

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO

Form fields for workplace: País, Concello

DATOS DO/DA TRABALLADORA

Form fields for worker: D/Dª, NIF/NIE, Data de nacemento, Nº afiliación á S.S., Nivel formativo, Nacionalidade, Concello do enderezo, País enderezo

Coa asistencia legal, no seu caso, de D/Dª
N.I.F./NIE en calidade de (2)

DECLARAN

O traballador:

- Que é maior de 52 anos, atópase inscrito na oficina de emprego e é beneficiario de calquera dos subsidios por desemprego:

- [] Recollidos no art. 215 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.
[] Traballadores eventuais incluídos no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social, regulado polo R.D. 5/1997, de 10 de xaneiro.

A Empresa:

- Que non ten autorizado expediente de regulación de emprego no momento da contratación.
- Que non se trate dunha empresa na que o desempregado beneficiario do subsidio por desemprego traballase nos últimos 12 meses, excepto para contratos celebrados con traballadores eventuais incluídos no Réxime Especial Agrario, nos que non é de aplicación o límite de 12 meses.
- Que non se trate dunha contratación que afecta ó conxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ou no seu caso, por adopción, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou de quen ostenta cargos de dirección ou son membros dos órganos de administración da entidade ou da empresa que revista a forma xurídica de sociedade, así como que non se produza con estes últimos.

Reunindo, polo tanto, os requisitos da Lei 45/2002, ámbalas partes acordan formaliza-lo contrato (3)de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira: O/a traballador/a prestará os seus servizos como (4)

incluído no grupo profesional, categoría ou nivel profesional de.....
de acordo co sistema de clasificación profesional vixente na empresa, no centro de traballo situado en (5)

Segunda: Que o contrato celébrase a tempo completo, sendo a xornada ordinaria de traballo de:.....horas semanais, prestadas dea.....cos descansos que establece a Lei

Terceira: A duración do presente contrato será (6), e estenderase dende.....ata..... (7) e establécese un período de proba de (8) No caso de que o convenio permita unha duración maior á establecida legalmente, sinaleo cun X []

O obxecto do presente contrato é (9)

(1) Director/a, Xerente, etc.
(2) Pai, nai, titor/a ou persoa ou institución que o/a teña ó seu cargo.
(3) Indica-la lexislación e a modalidade contractual á que se acollen as partes.
(4) Indica-la profesión.
(5) Se o traballo que orixina a compatibilidade obriga ó traballador a cambiar de residencia, aboárase a éste nun só pagamento 3 meses da contía do subsidio.
(6) Por tempo indefinido ou por tempo determinado.

Cuarta: O/a traballador/a perceberá unha retribución de euros brutos (10).....

que se distribúen nos seguintes conceptos salariais (11)

A Entidade Xestora das prestacións abonará mensualmente ó traballador o 50% da contía do subsidio durante a vixencia do contrato, co límite máximo do dobre do período pendente de percibilo. O empresario, durante este tempo, terá cumprida a obriga do pago do salario que corresponda ó traballador, completando a contía do subsidio recibido polo traballador ata o importe de dito salario, sendo responsable das cotizacións á Seguridade Social por tódalas contingencias e polo total do salario indicado, incluíndo o importe do subsidio.

No suposto de traballadores incluídos no REASS, a entidade xestora abonará ó traballador o 50% do importe da cota fixa ó Réxime Especial Agrario da Seguridade Social durante a vixencia do contrato e o empresario será responsable da cotización por xornadas reais ó REASS polas contingencias que correspondan.

Quinta: A duración das vacacións anuais será de (12)

Sexta: No caso de contrato temporal a empresa bonificarase no 50% da cota empresarial á Seguridade Social por contingencias comúns cun máximo de 12 meses, sempre que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social (art. 81 do R.D. Legislativo 109/88, de 23 de setembro, modificado pola lei 13/1996, de 30 de decembro), excepto no caso de contratos celebrados con traballadores incluídos no REASS nos que non procede a citada bonificación.

Sétima: No caso de contrato indefinido, reuníndose os requisitos e condicións establecidos no artigo 47 da Lei 53/2002, de 30 de decembro, a empresa (13) bonificarase nas seguintes cotas empresariais á Seguridade Social por contingencias comúns. Indique se o empregador é traballador autónomo que cumpre cós requisitos da citada norma: Si Non . No caso afirmativo e para as contratacións previstas nas letras A), B), C), D), E), e H) as bonificacións incrementaríanse en 5 puntos.

A) Contratación de mulleres para prestar servizos en profesións e ocupacións establecidas na Orde ministerial de 16 de setembro do 1998, inscritas na Oficina de emprego: 70 por 100 durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 60 por 100 durante o segundo ano de vixencia do mesmo.

B) Contratación de desempregados inscritos ininterrompidamente na oficina de emprego durante un período mínimo de 6 meses: 20 por 100 durante o período dos ventecatro meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.

C) Contratacións de desempregados maiores de 45 anos (14) e ata os 55: 50 por 100 durante o primeiro ano da vixencia do contrato; 45 por 100 durante o resto da vixencia do mesmo.

D) Contratacións de desempregados maiores de 55 anos e ata os 65 anos: 55 por 100 durante o primeiro ano da vixencia do contrato; 50 por 100 durante o resto da vixencia do mesmo.

E) Contratación de perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego, ós que lle reste un ano ou máis de percepción no momento da contratación: 50 por 100 durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 45 por 100 durante o segundo ano de vixencia do mesmo.

F) Contratación de traballadores incluídos nalgunhas das situacións contempladas no apartado Un. 1.3 do art. 47 da Lei 53/2002: 65 por 100 durante a vixencia do contrato, cun máximo de 24 meses. Situación que ten acreditada por (15) pertencendo o traballador ó colectivo de (16): D) E)

G) Contratación de traballadores incluídos no apartado Un. 1.5 do art. 47 da Lei 53/2002: 65 por 100 durante a vixencia do contrato, cun máximo de 24 meses. Situación que ten acreditada por (15)

H) Contratacións de desempregados perceptores do subsidio por desemprego en favor dos traballadores incluídos no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social: 90 por 100 durante a vixencia do primeiro ano de contrato; 85 por 100 durante o segundo ano de vixencia do mesmo.

Cando as contratacións previstas nas letras b), c), d), e), f), e g) se fagan con mulleres desempregadas, as bonificacións de cotas incrementaríanse en 10 puntos.

Oitava: No caso de contrato indefinido e se o empregador reúne os requisitos e non se atopa nalgunha das causas de exclusión, aplicaráselle a Disposición Adicional Primeira da Lei 12/2001, de 9 de xullo (B.O.E. do 10 de xullo): SI NON

Novena: No suposto de responder afirmativamente á anterior cláusula, cando o contrato se extinga por causas obxectivas e a extinción sexa declarada improcedente, a contía da indemnización á que se refire o artigo 53.5 do Estatuto dos Traballadores, na súa remisión para os efectos do despido disciplinario previstos no artigo 56 do mesmo texto legal, será de 33 días de salario por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e ata un máximo de 24 mensualidades.

Décima: No caso de contrato temporal, á finalización do contrato, excepto nos casos de contrato de interinidade e contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización económica na que a contía será equivalente á parte proporcional da cantidade que resultaría de abonar 8 días de salario por cada ano de servizo, ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación.

Undécima: O presente contrato formalizarase baixo a modalidade de contrato de relevo SI NON

No caso afirmativo cumprimenta-lo anexo "Contrato de relevo"

Duodécima: En todo o non previsto neste contrato, estarase á lexislación vixente que resulte de aplicación, e en particular ó disposto no Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo (B.O.E. do 29 de marzo), Lei 12/2001, de 9 de xullo (B.O.E. do 10 de xullo), ó establecido na Disposición Transitoria Quinta da Lei 45/2002, de 12 de decembro (B.O.E. do 13 de decembro) e no artigo 47 da Lei 53/2002, de 30 de decembro (B.O.E. do 31 de decembro). Así mesmo aplicaráselle o disposto no Convenio Colectivo de

Décimoterceira: O contido do presente contrato comunicaráse ó Servizo Público de Emprego de, no prazo dos 10 días seguintes a súa concertación.

Décimocuarta: Ámbalas partes comprométese a comunica-lo remate da relación laboral ó Servizo Público de Emprego cando ésta se produza, de conformidade co establecido no artigo 42.3 da Lei 51/1980, de 8 de outubro, Básica de Emprego.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

E, para que conste, esténdese este contrato por triplicado exemplar, no lugar e data a continuación indicados, asinando as partes interesadas.

En a de de 20

O/a traballador/a

O/a representante
da empresa

O/a representante legal
do/da menor, se procede

(7) No caso de contratos temporais: obra, eventual e interinidade, a duración será superior a tres meses, excepto para beneficiarios de subsidios por desemprego de traballadores incluídos no REASS

(8) Respetarase, en todo caso, o disposto no art. 14.1 do Texto Refundido da Lei de Estatuto dos traballadores, aprobado por R.D. Legislativo 1/1995, de 24 de marzo (B.O.E. do 29 de marzo)

(9) Indicar con claridade a causa da obra ou servizo. No caso de interinidade indica-lo suposto. No caso de formación determina-lo colectivo ó que pertence o traballador, segundo o art. 11.2 a do Texto Refundido do E.T.

(10) Diarios, semanais, mensuais.

(11) Salario base, complementos salariais, pluses.

(12) Mínimo: 30 días naturais.

(13) Igualmente poderán bonificarse as cooperativas ou sociedades laborais que incorporen desempregados como socios traballadores ou de traballo e sempre que a entidade optase por un réxime da Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

(14) A referencia á idade de 45 anos entenderase realizada a maiores de 52 anos.

(15) Indica-lo organismo oficial que emite a certificación.

(16) Marcar a casilla que corresponda, de acordo cós colectivos descritos no art. 47. Un. 1.3 da Lei 53/2002.